



ACTA DA REUNIÓN 16 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,05 horas do día **16 de xuño de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a xestión e explotación do servizo de cafetaría.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes de ámbalas dúas empresas concorrentes.

D. Jose Ignacio Pascual Gacría (DNI 17.144.199-E) representante de Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.

D. Carlos Ayaso Sainz (DNI 52.931.193-M), representante de Ayaso Sainz Alberto 000569266-B, S.L.N.E.

Alberto Ayaso Sainz (DNI 52.930.178-W) representante de Ayaso Sainz Alberto 000569266-B, S.L.N.E.



Procedese a:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 95, de 20 de maio de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres A resulta o seguinte:

Empresas admitidas:

- Galicia Vella de inversiones y logística, s.l.

Empresas excluídas:

- Ayaso Sainz Alberto 000569266-B, S.L.N.E.: por non acreditar estar en posesión da clasificación esixida nos pregos.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").


A continuación o presidente invita aos presentes na sala a que examinen o sobre "B" presentado pola empresa concorrente admitida á contratación, e comprobem que se atopa pechado e nas condicións nas que foi entregado. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura do sobre, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero que unha vez iniciada a apertura, non se admitirán interrupcións. Informa así mesmo que a documentación contida no sobre B será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a ponderación asignada aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura do sobre presentado polas empresa concorrente. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida no sobre "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,23 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.



Miguel Angel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Concepción Burgo López
Vogal



María Aneiros González
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario

